



## Oferta de emprego · Licenciatura ou grao en Ciencias sociais con formación e experiencia en igualdade de xénero

### ***Quen somos?***

[Rexenerando S. Coop. Galega](#) somos unha cooperativa sen ánimo de lucro afincada en Ferrol dende 2014. Nela, un equipo interdisciplinar de persoas desenvolvemos proxectos arredor de tres eixos de traballo: igualdade de xénero, participación social e cultura.

### ***Que precisamos?***

Para desenvolver varios proxectos na nosa área de Xéneros e Identidade buscamos a unha persoa licenciada ou graduada en Ciencias Políticas, Socioloxía, ou outras titulacións do ámbito das Ciencias Sociais. É necesario contar con formación regrada no ámbito da igualdade de xénero e experiencia na xestión de proxectos, planificación e análise de políticas públicas, deseño e avaliación de plans de igualdade, desenvolvemento de procesos participativos, etc. Ademais, requírese unha boa expresión oral e escrita en galego e o uso dunha linguaxe inclusiva.

### ***Que agardamos de ti?***

Contaremos co teu apoio para a avaliación e desenvolvemento de procesos participativos relacionados coa elaboración de plans de igualdade de ámbito local, asumindo as seguintes tarefas:

- Xestión e planificación do proxecto: obxectivos; deseño metodolóxico; actividades a realizar; deseño de cronograma; informe de actividade e memoria, etc.
- Seguimento e obtención de información do persoal municipal, do tecido asociativo e de persoas usuarias de servizos municipais.
- Documentación de procesos participativos de diagnose, deseño e priorización de medidas do ámbito da igualdade.
- Convocatoria de reunións; elaboración de ordes do día; deseño de cuestionarios, fichas, ou calquera outro soporte ou ferramenta de recollida de información; análise de datos; redacción de actas e informes derivados, etc.

### ***Que ofrecemos?***

Incorporación inmediata a proxectos en Ferrol e comarca  
Contrato temporal, de xullo a decembro  
Xornada completa

### ***Falamos?***

Fainos chegar a túa candidatura co teu CV a [info@rexenerando.com](mailto:info@rexenerando.com) antes do 10 de xullo.



## Oferta de emprego · Licenciatura ou grao en Educación con formación e experiencia en igualdade de xénero

### ***Quen somos?***

[Rexenerando S. Coop. Galega](#) somos unha cooperativa sen ánimo de lucro afincada en Ferrol dende 2014. Nela, un equipo interdisciplinar de persoas desenvolvemos proxectos arredor de tres eixos de traballo: igualdade de xénero, participación social e cultura.

### ***Que precisamos?***

Para desenvolver varios proxectos na nosa área de Xéneros e Identidade buscamos a unha persoa licenciada ou graduada en Educación Social, Maxisterio ou Ciencias da Educación.

É necesario contar con formación regrada no ámbito da igualdade de xénero e experiencia en proxectos participativos, de intervención sociocomunitaria ou socioeducativos con alumnado de infantil e primaria, así como co conxunto da comunidade educativa, docentes e familias. Requírese unha boa expresión oral e escrita en galego e o uso dunha linguaxe inclusiva.

Contar con coche propio non é imprescindible mais si aconsellable, dados os desprazamentos.

### ***Que agardamos de ti?***

Contaremos co teu apoio para o deseño e desenvolvemento de obradoiros socioeducativos con alumnado de infantil e primaria, así como con docentes e familias, arredor da igualdade de xénero, o autocoñecemento, o xogo inclusivo, etc., asumindo as seguintes tarefas:

- Xestión e planificación do proxecto: obxectivos; deseño metodolóxico; actividades a realizar; deseño de cronograma; informe de actividade e memoria, etc.
- Elaboración de contidos e materiais didácticos.
- Monitoraxe das sesións en aula.

### ***Que ofrecemos?***

Incorporación a proxectos en A Coruña, Ferrol e comarca

Contrato temporal, de setembro a decembro

Xornada parcial

### ***Falamos?***

Fainos chegar a túa candidatura co teu CV a [info@rexenerando.com](mailto:info@rexenerando.com) antes do 10 de xullo.